

ACTA NÚM. 10/2021.

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2021.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 15 de decembro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:
PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

CARLOS NOYA PEREIRA.
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.
NATALIA FARIÑA GARCÍA.
WALDO CARBALLO GARCÍA.

-. BNG:

FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 29.11.2021.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 14.10.2021 AO 10.12.2021.

3º) MOCIÓN.

4º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 29.11.2021.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 9/2021, do 29.11.2021.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos trece membros presentes acorda aprobala.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 14.10.2021 AO 10.12.2021.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
000585/2021	15/10/2021	APROBACIÓN DE CONTRATACIÓN SUBMINISTRO POR RENTING VEHÍCULO HÍBRIDO ENCHUFABLE PARA A POLICÍA LOCAL.
000586/2021	15/10/2021	DECRETO DE CONTRATO MENOR PARA A ELABORACIÓN DUN ESTUDO DE VIABILIDADE ECONÓMICO - FINANCIERA DE EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DA PISCINA CUBERTA DO CONCELLO DE BRIÓN.
000587/2021	18/10/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/57 ENERXÍA ELÉCTRICA.
000588/2021	18/10/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 19/10/2021 ÁS 14:00 HORAS.
000589/2021	19/10/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/56 (+3.000).
000590/2021	19/10/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE: AMPLIACIÓN DAS REDES DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO NAS ALDEAS DE SAN SALVADOR E O CABO.
000591/2021	19/10/2021	DECRETO DEVOLUCIÓN DE FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR.
000592/2021	19/10/2021	DEVOLUCIÓN FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR.
000593/2021	20/10/2021	BAIXA RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000461961
000594/2021	20/10/2021	DECRETO DEVOLUCIÓN DE INGRESO INDEBIDO.
000595/2021	20/10/2021	M.C. Nº 28/2021: X.C. SUBVENCIÓN PARA A AMPLIACIÓN DA SEDE DO GES.
000596/2021	21/10/2021	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 06/2020-D.
000597/2021	21/10/2021	CORRECCIÓN DE ERROS ARITMÉTICOS DO DECRETO DO 30.04.2021 DE SOLICTUDE DE COFINANCIAMENTO PARA O PLAN DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS 2021.
000598/2021	21/10/2021	EXECUCIÓN SUBSIDIARIA RETIRADA PEDRAS NO CASAL.
000599/2021	21/10/2021	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. OUTUBRO 2021.
000600/2021	22/10/2021	DECRETO DE INICIO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO 99500000024011.
000601/2021	22/10/2021	DECRETO PROCEDEMENTO SANCIONADOR TRÁFICO RESOLUCIÓN 99500000023989.
000602/2021	22/10/2021	DECRETO PROCEDEMENTO SANCIONADOR TRÁFICO 14750/2021 RESOLUCIÓN DE PRIMEIRAS ALEGACIÓNS. NON IDENTIFICAR AO CONDUCTOR.
000603/2021	22/10/2021	DECRETO DO CONTRATO MENOR DA OBRA DE AMPLIACIÓN DA SEDE DO GES.
000604/2021	22/10/2021	ADXUDICACIÓN CONTRATO DE OBRAS PAVIMENTACIÓN TRAVESÍA BASTAVALIÑOS E SERVIZOS DE DIRECCIÓN DE OBRA.
000605/2021	25/10/2021	RELACION DE FACTURAS F/2021/60 (+3.000)
000606/2021	25/10/2021	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. OUTUBRO 2021.
000607/2021	25/10/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/59 CONTRATO.
000608/2021	25/10/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/58.
000609/2021	26/10/2021	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE ADQUISICIÓN DUN TRACTOR.
000610/2021	26/10/2021	BAIXA RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000598077.
000611/2021	26/10/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DE NÓMINA. OUTUBRO 2021.
000612/2021	26/10/2021	DECRETO DE INICIO DE PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO 99500000024067.
000613/2021	27/10/2021	OEP 2019 - PRAZA TÉCNICO ADMÓN LOCAL.
000614/2021	27/10/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO GES AXENTE FINANCIADOR XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA MEDIO RURAL PREVENCIÓN DE INCENDIOS. ANUALIDADE 2021.

000615/2021	28/10/2021	CORRECCIÓN DO DECRETO RELATIVO Á APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO GES XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PREVENCIÓN DE INCENDIOS.
000616/2021	28/10/2021	BAIXA RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000587538.
000617/2021	29/10/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 02/11/2021 ÁS 14:00 HORAS.
000618/2021	29/10/2021	DECRETO DE DEVOLUCIÓN INGRESO INDEBIDO.
000619/2021	29/10/2021	DECRETO DE CONCESIÓN DE VIVENDA EN PRECARIO.
000620/2021	02/11/2021	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE OUTUBRO DE 2021.
000621/2021	02/11/2021	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE OUTUBRO DE 2021.
000622/2021	03/11/2021	DECRETO DE RECONECEMENTO DO PASE Á SITUACIÓN DE XUBILACIÓN DUN EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL.
000623/2021	03/11/2021	BAIXA RECIBOS DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000566139.
000624/2021	03/11/2021	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000497946.
000625/2021	03/11/2021	BAIXA RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000617707.
000626/2021	04/11/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN TRIBUTARIA MODELO 111. OUTUBRO 2021.
000627/2021	04/11/2021	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000566139 ANUALIDADES 2019-2018.
000628/2021	05/11/2021	DECRETO PADRÓN ESCOLA DE MÚSICA 1º TRIMESTRE CURSO 2021/2022.
000629/2021	08/11/2021	IV PREMIO LAUDAMUCO 2022.
000630/2021	08/11/2021	DECRETO DE DENEGACIÓN DE PRÓRROGA DA EXCEDENCIA VOLUNTARIA DUNHA EMPREGADA PÚBLICA.
000631/2021	09/11/2021	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL NOVEMBRO.
000632/2021	09/11/2021	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA OUTUBRO.
000633/2021	09/11/2021	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA FOGAR BÁSICA OUTUBRO.
000634/2021	09/11/2021	DECRETO APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANÓN DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2021.
000635/2021	09/11/2021	M.C. Nº 29/2021; T.C. ENTRE APLICACIÓNS MESMA A.G. OU QUE AFECTAN A CRÉDITOS DE PERSOAL.
000636/2021	09/11/2021	DECRETO PADRÓN PREVENCIÓN - INSERCIÓN PRIMEIRO TRIMESTRE CURSO 2021 - 2022.
000637/2021	10/11/2021	CORRECCIÓN ERROS DECRETO Nº 634/2021.
000638/2021	10/11/2021	DECLARANDO DESERTO O CONTRATO DE SUBMINISTRO POR RENTING DUN VEHÍCULO HÍBRIDO ENCHUFABLE PARA A POLICÍA LOCAL.
000639/2021	11/11/2021	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB/11.21 - NOVEMBRO 2021.
000640/2021	11/11/2021	RELACION DE FACTURAS F/2021/61.
000641/2021	12/11/2021	RECONECEMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. ANO 2021.
000642/2021	12/11/2021	RELACION DE FACTURAS F/2021/62 ENERXIA ELÉCTRICA.
000643/2021	12/11/2021	RESOLUCIÓN DE SOLICITUDE DE VISTA E ACCESO EN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SAF PRESENTADA POR SANAMEDE S.L.
000644/2021	12/11/2021	SOLICITUDE XERAL A NOMBRE DE JUAN JOSE SANTOMIL VIEITES. SOLICITA: QUE SE AUTORICE A INSCRIPCIÓN DOS CITADOS CURSOS DA UNED DE MÁLAGA POR PARTE DO CONCELLO DE BRIÓN, ASÍ COMO O ABONO PROPORCIONAL DA MATRÍCULA DO CURSO - 125 EUROS CADA CURSO.
000645/2021	12/11/2021	RESOLUCIÓN DE SOLICITUDE DE VISTA DE EXPEDIENTE DO SAF PRESENTADA POR OHL SERVICIOS INGESAN S.A.
000646/2021	15/11/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 16/11/2021 ÁS 14:00 HORAS
000647/2021	16/11/2021	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000597967.
000648/2021	16/11/2021	DECRETO PROCEDIMENTO SANCIONADOR TRÁFICO 14759/2021 RESOLUCIÓN DE PRIMEIRAS ALEGACIÓN ORDINARIO.

000649/2021	17/11/2021	TASACIÓN DE COSTAS 0000045 /2020 0001-M PA PROCEDEMENTO ABREVIADO 0000045 /2020
000650/2021	17/11/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO GES. DIRECCIÓN XERAL ADMÓN LOCAL. ANUALIDADE 2021.
000651/2021	17/11/2021	DECRETO DE NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE AMPLIACIÓN DA SEDE DO GES.
000652/2021	17/11/2021	INCOACIÓN EXPEDIENTE DE RECUPERACIÓN DUN CAMIÑO PÚBLICO.
000653/2021	18/11/2021	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DE APROBACIÓN EXPEDIENTE MODIFICACIÓN CRÉDITOS Nº 24/2021.
000654/2021	18/11/2021	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DE APROBACIÓN EXPEDIENTE MODIFICACIÓN CRÉDITOS Nº 26/2021.
000655/2021	18/11/2021	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DE APROBACIÓN EXPEDIENTE MODIFICACIÓN CRÉDITOS Nº 27/2021.
000656/2021	19/11/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/64 CONTRATO.
000657/2021	19/11/2021	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2021.
000658/2021	19/11/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2021 DO CLUB DEPORTIVO BRIÓN.
000659/2021	19/11/2021	DECRETO APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2021 CLUB DEPORTIVO TORRES DE ALTAMIRA.
000660/2021	22/11/2021	ALTA SAF LIBRE CONCURRENCIA EXPTE. 05/2021-M.
000661/2021	22/11/2021	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ - BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE.
000662/2021	23/11/2021	CONTRATO MENOR EDICIÓN LIBRO BRIÓN RECICLA NO NADAL.
000663/2021	23/11/2021	DECRETO DA CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA DE SERVIZOS DO 26/11/2021 ÁS 13:15 HORAS.
000664/2021	23/11/2021	DECRETO DA CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) PARA O 26/11/2021 ÁS 13:00 HORAS.
000665/2021	24/11/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 29/11/2021 ÁS 13:00 HORAS.
000666/2021	24/11/2021	CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE DECORACIÓN DE NADAL 2021.
000667/2021	24/11/2021	EXECUCIÓN SENTENZA DO 07.09.2018 RECAÍDA NO P.O. 0000244/2017.
000668/2021	24/11/2021	AUTORIZACIÓN DE USO EN PRECARIO DE VIVENDA MUNICIPAL EN CORUXIDO BASTAVALES, POR CAUSA DE EMERXENCIA SOCIAL.
000669/2021	24/11/2021	AMPLIACIÓN SAF DEPENDENCIA EXPTE. 18/2020-D.
000670/2021	24/11/2021	CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL 2021.
000671/2021	25/11/2021	DECRETO CORRECCIÓN ERROS PADRON ESCOLA DE MUSICA 1º TRIMESTRE.
000672/2021	26/11/2021	CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ILUMINACIÓN NAS FESTAS DE NADAL 2021 - 2022.
000673/2021	26/11/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. NOVEMBRO 2021.
000674/2021	26/11/2021	RESOLUCIÓN CONCESIÓN DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS P.P.
000675/2021	26/11/2021	ALTA DUN RECIBO NO PADRÓN DO LIXO DO ANO 2022.
000676/2021	26/11/2021	RESOLUCIÓN CONCESIÓN DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS P.P.
000677/2021	26/11/2021	TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA. LIQUIDACIÓN DAS ACHEGAS QUE CORRESPONDEN AOS CONCELLOS PARTICIPANTES.
000678/2021	26/11/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/65 CONTRATO.
000679/2021	26/11/2021	RELACION DE FACTURAS F/2021/63.
000680/2021	26/11/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CONVENIO GES MEDIO RURAL GASTOS FUNCIONAMENTO.
000681/2021	29/11/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 30/11/2021 ÁS 14:00 HORAS.
000682/2021	30/11/2021	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE NOVEMBRO DE 2021.

000683/2021	30/11/2021	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE NOVIEMBRE DE 2021.
000684/2021	30/11/2021	DECRETO LIQUIDACIÓN DE RECIBO DE LIXO.
000685/2021	30/11/2021	DECRETO LIQUIDACIÓN DE RECIBO DE LIXO.
000686/2021	30/11/2021	DECRETO LIQUIDACIÓN DE RECIBO DE LIXO.
000687/2021	30/11/2021	ESTUDO DO VALOR SOCIAL DOS BENS PATRIMONIAIS DO CONCELLO DE BRIÓN.
000688/2021	02/12/2021	DECRETO LIQUIDACIÓN RECIBOS DE LIXO.
000689/2021	02/12/2021	DECRETO DE INICIO PROCEDIMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO 99500000024492
000690/2021	02/12/2021	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 158.
000691/2021	02/12/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/66 (+3.000€).
000692/2021	02/12/2021	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE AMPLIACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN LAMIÑO.
000693/2021	03/12/2021	SOLICITUDE POR MOR DO COVID 19-REEQUILIBRIO ECONÓMICO PISCINA.
000694/2021	03/12/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE. OBRA AMPLIACIÓN SEDE GES.
000695/2021	07/12/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/67 ENERXIA ELÉCTRICA.
000696/2021	07/12/2021	AMPLIACIÓN SAF DEPENDENCIA EXPTE. 14/2020-D.
000697/2021	09/12/2021	DECRETO DE RECTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA DO MES DE NOVIEMBRE DE 2021.
000698/2021	09/12/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN TRIBUTARIA MODELO 111. NOVIEMBRE 2021.
000699/2021	10/12/2021	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DECEMBRO.
000700/2021	10/12/2021	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA NOVIEMBRE.
000701/2021	10/12/2021	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA NOVIEMBRE.
000702/2021	10/12/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO 15/12/2021 ÁS 13:00 HORAS.

O Pleno queda enterado.

3º) MOCIÓN.

Os grupos municipais do BNG e PP tiñan presentado para este Pleno cada un a súa moción sobre a situación do sector lácteo, ás que renuncian, por terse consensuado unha moción conxunta entres os tres grupos municipais do concello.

Aprobase por unanimidade dos trece membros presentes a urxencia das seguintes mocións:

3.1. MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSG-PSOE, PP E BNG EN APOIO AO SECTOR LÁCTEO.

Dada conta da moción sinalada que transcrita di:

En Galicia o sector lácteo posúe unha importancia transcendental. Temos arredor de 6.540 explotacións que supoñen máis da metade das explotacións lácteas do territorio nacional e que producen o 45% do leite de todo o Estado. Tampouco debemos esquecer que Galicia se atopa entre as dez primeiras comunidades en produción de leite de Europa.

Ante esta relevancia está a volatilidade dos prezos de pensos, abonos e o incremento dos custos de produción destas explotacións o que dificulta a sustentabilidade económica das ganderías, especialmente as dedicadas a produción do leite.

Neste senso a lóxica do mercado debora traer unha suba compensatoria no prezo final do produto, para estes custos de produción. Tal suba, a pesares de producirse, non repercutiu directamente nas persoas produtoras.

A Xunta ven de aprobar a Lei de recuperación da terra agraria no pasado mes de maio e de convocar axudas destinadas aos investimentos en explotacións agrarias, coñecidas como "plans de mellora", así como para a incorporación de mozos ou para a instalación de pequenas explotacións.

A estas liñas de actuación temos que sumar as accións formativas especializadas en xestión empresarial para os gandeiros e a posta en marcha da aplicación "Conta láctea" para que poidan calcular, de xeito intuitivo, os seus custos de produción.

Aínda así, e sen esquecer que estamos a falar dun sector estratéxico para o conxunto de Galicia, este ve ameazada a viabilidade das explotacións existentes, que son, como ben sabemos no noso concello, unha pequena parte das que existían hai anos.

Temos que intentar que o consumidor final perciba todo o traballo que leva consigo a produción láctea e a garantía de que o noso leite responde aos maiores estándares internacionais de calidade, benestar animal e seguridade alimentaria.

Por todo o exposto, os Grupos Municipais do Concello de Brión, presentan a seguinte proposta de acordos:

1.- Instar á Xunta de Galicia:

a. Para que promova un Foro de encontro, debate e negociación, arbitrado e moderado pola Consellería de Medio Rural, onde estean representados todos os actores das cadeas de produción e obtención do leite e derivados, persoas produtoras, cooperativas, industria e especialmente a distribución.

b. Para que impulse, coa cooperación de todas as administracións públicas, unha campaña de concienciación dirixida ao consumidor final sobre o papel esencial do sector primario no aprovisionamento de alimentos de calidade, en particular, o papel dos gandeiros e os produtos lácteos.

c. Para que reforce a promoción dos produtos lácteos galegos incidindo en aspectos como a seguridade alimentaria, o benestar animal e a diversificación da súa produción, coa implantación de marcas de garantía como Galega 100% e Leite de pastoreo de Galicia.

d. Para que apoie a demanda de base territorial dos noso gandeiros como mecanismo de redución dos custos de alimentación dándolle prioridade na licitación de polígonos agrogandeiros de carácter público.

e. Para que axilice a tramitación para a constitución do Observatorio Lácteo Galego previsto na Estratexia do sector lácteo, como instrumento que permita acadar unha mellor estrutura sectorial para analizar e avanzar nas cuestións que afectan a este eido produtivo, de xeito particular a mellora da interlocución e a transparencia entre os diferentes elos da cadea.

2.- Instar ao goberno do Estado:

a. Para que no desenvolvemento da Lei da Cadea Alimentaria se dote aos sectores produtivos dunha ferramenta obxectiva que fixe uns custes de produción de referencia vinculantes e obrigatorios.

b. Para que se habiliten mecanismos para acadar o obxectivo de que todos os elos da cadea de valor láctea cobren polo seu produto un prezo que cubra, alo menos, os seus custes de produción. E que esta esixencia se contemple de maneira particular no caso dos gandeiros, por ser o elo máis feble da cadea.

c. Para que leve a cabo as modificacións na lexislación estatal para facilitar a constitución de organizacións de produtores lácteos axeitadas ao tamaño das explotacións galegas como mecanismo para o fortalecemento da capacidade de negociación dos nosos gandeiros.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

3.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A GRAVACIÓN DOS PLENOS.

Dada conta da moción sinalada que transcrita di:

Non é a primeira vez que neste pleno público este grupo ao cal representamos solicita que se facilite a participación de toda a veciñanza nos plenos ou en calquera outra xuntanza que dalgunha forma afecte a todos e todas. Así xa o expresamos, reiteradamente, no horario dos plenos, un horario que nin facilita a conciliación de todos os representantes públicos asistentes ao mesmos e que na maioría dos casos non teñen dedicación exclusiva, nin facilita moito menos a asistencia dos veciños e veciñas. A esta imposibilidade de participar ou asistir engádese o feito de que os plenos nin son gravados nin son postos a disposición da veciñanza a fin de que observen e valoren unha parte do traballo dos seus representantes electos. Trátase de fomentar a participación cidadá.

Por outra parte, a gravación dos plenos facilitaría e amosaría a información contida nos mesmos sen intermediario algún, información que moitas veces con posterioridade chega máis ou menos deturpada nos medios publicitarios cos que conta o concello, e aos cales tampouco temos acceso os grupos da oposición. Falamos obviamente da revista Altamira, tema que tamén trouxemos a este pleno en numerosas ocasións.

Por outra parte, a gravación en audio (como mínimo) non esixe inversión algunha nin adecuación técnica de ningunha sala ou espazo físico. Argumento co que regularmente se xustifica a non gravación do mesmo.

Debate:

A Srª. Concelleira Cebal Gómez, de orde do Sr. Alcalde, sinala que isto xa se debateu e a nosa postura segue a ser a mesma.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 5, pertencentes aos grupos municipais do PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 8, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE(8).

Abstencións: 0.

Queda rexeitada a moción.

O Sr. Alcalde sinala que non sabemos cal sería a hora boa para celebrar os plenos, na Deputación son as 12,00, aquí as 13,00, e non é obrigatorio gravalos, se vós o queredes gravar é o voso problema, que as actas se publican na páxina web do Concello. Cal sería o horario bo?, é moi difícil tomar unha medida, é complicado, porque calquera hora que se poña sería boa para algúns e mala para outros, os plenos son públicos e as actas se publican desde o ano 2011.

4º) ROGOS E PREGUNTAS.

4.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. SOBRE A LICITACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CAFÉ - BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE.

No pasado mes de setembro iniciouse por parte do concello a licitación dos servizos de café bar no centro polivalente (propiedade municipal). Licitación que quedou pechada coa adxudicación o pasado día 22 de novembro. Este grupo municipal solicita coñecer todas as

circunstancias no referido a esta licitación (dada a negativa por parte do grupo de goberno a que asistamos as mesas de contratación) así como si se respectaron no referente á concorrência, publicidade e transparencia. Unha licitación tan agardada por moitos veciños e veciñas, é cando menos chamativo que soamente contara con dúas ofertas. Agardamos o concello poida facilitarnos esta información polo respecto a obriga de transparencia que temos con todos os veciños aos que representamos.

Responde a Sr^a. Concelleira Cebal Gómez, de orde do Sr. Alcalde, que dende o Concello cumpriuse o principio de transparencia como se fai con todas as licitacións, está todo no perfil de contratante do Concello, que está na páxina web do Concello, que se aloxa na Plataforma de Contratación do Sector Público, e que a finais de 2020 licitouse e quedou deserto.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que non custaba nada darlle máis publicidade, que hai veciños que non se enteraron de nada, que son particulares, non empresas, sorpréndenos que se presentaran dúas persoas e supostamente porque alguén falou con elas, que debía terse falado con todos os interesados e non nos consta que se fixera, e que si se falou con esas dúas persoas iso sería unha falta de ética.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que ningún político chamou a ningunha persoa, e á xente que chamou ao Concello se lle deu información, e se non se presentaron non sei o motivo, e queixas non temos ningunha.

O Sr. Alcalde sinala que hai un ano sacouse e quedou deserto, e que existe unha total transparencia, se non dixemos nada a ninguén non podes dicir que hai xente incomodada, é a túa interpretación, para nós era unha inqueda que quedara outra vez deserto.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que non teño dúbida do procedemento seguido, o que teño dúbidas é porqué só se enteraron estas dúas persoas, habería que terlle dado máis publicidade, polo menos na páxina web do Concello ou con bandos, porque podía ser importante.

O Sr. Alcalde sinala que desde que eu son alcalde só se publicou un número da revista Altamira e non publicamos nada, non se fixo máis publicidade pero publicouse conforme coa lei, de todos xeitos tomamos nota e intentaremos dar publicidade en redes se fora algo deste tipo.

2. SOBRE A PARTICIPACIÓN NAS MESAS DE CONTRATACIÓN.

Tal e como xa solicitamos en máis dunha ocasión neste mesmo pleno, solicitamos que o concello teña a ben facilitar a presenza nas mesas de contratación de todos os grupos políticos, tal e como acontece en numerosos concellos e mesmo na Deputación da Coruña. Coñecemos perfectamente que é un feito non obrigatorio máis entendemos que a política dun correcto goberno é facilitar a información, a transparencia e mesmo a participación de todos os veciños, voten ao partido que voten.

Responde a Sr^a. Concelleira Cebal Gómez, de orde do Sr. Alcalde, que a Mesa de Contratación non é un órgano complementario do Concello, é un órgano técnico, a súa composición ven establecida na lei e aprobouse por este pleno con anterioridade.

O Sr. Alcalde sinala que queda moi bonito o que dis, crees que sería operativo?, os convidamos por wasaps?, que temos mesas continuamente.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que se queredes facilitar a participación entre grupos o podedes facer.

O Sr. Alcalde sinala que non poderíamos estar dando avisos cada dous por tres.

3. ORZAMENTOS.

Estamos rematando o mes de decembro, son moitos os concellos que xa están traballando nos orzamentos do 2022, mesmo na deputación xa se aprobaron coa finalidade de facilitar o traballo económico na redacción dos orzamentos municipais. O certo é que un ano máis por estas datas non temos coñecemento sobre un feito tan importante como este. Nin de orzamentos, nin de posibles aplicación do plan único nin de ningún outro criterio orzamentario. Agardamos non teñamos que agardar un ano máis ao mes de abril para aprobar uns orzamentos cuxa información é coñecida con moita máis antelación, así como tamén agardamos que por primeira vez na historia deste equipo de goberno se teñan en conta as posibles achegas dos grupos políticos.

Responde a Sr^a. Concelleira Cebral Gómez, de orde do Sr. Alcalde, que somos os máis interesados en aprobalo canto antes; podeades facer as vosas achegas, as que queirades.

O Sr. Alcalde sinala que podeades facer propostas e nós resolverémolas, e esperemos ter o orzamento na maior brevidade posible, polo ben do Concello e noso.

4. ÁREAS PARA CANS.

Veciños e veciñas do noso concello botan en falta espazos habilitados para o esparcemento e exercicio físico necesario para os seus animais de compañía.

Solicitamos do goberno municipal que, tras escoitar á veciñanza interesada, habilite espazos axeitados para este fin onde se poidan levar os animais con seguridade e sen molestias para o resto da veciñanza o que tamén redundará en evitar o mal uso de espazos comúns onde non está permitida a presenza de mascotas.

Responde a Sr^a. Concelleira Cebral Gómez, de orde do Sr. Alcalde, que levamos tempo traballando nisto, temos un proxecto redactado que esperamos executar o próximo ano nunha zona que cremos a máis axeitada.

O Sr. Alcalde sinala que é para a zona urbana do concello, que lle dea servizo ás urbanizacións e o sitio é máis ou menos onde xa vai agora a xente, preto do río.

5. ACTUACIÓNS NECESARIAS NA ZONA DO OUTEIRO E O RIAL.

A veciñanza dos lugares do Outeiro e O Rial, na parroquia dos Ánxeles sofre diversos problemas e deficiencias que deberan ser corrixidos. O máis urxente é completar a limpeza de cunetas e canles de drenaxe cara o río Sar antes de que cheguen as enchentas habituais cada inverno. Tamén é necesario arranxar as fochancas da pista que une as dúas aldeas, mellorar o mantemento da pista deportiva e arranxar a deficiente colocación das canastras e as porterías, limpar as beirarrúas e aumentar os contedores de lixo (os xerais son insuficientes e non existe ningún de vidro e papel próximos).

Outros problemas graves que sofre esta zona requirirán proxectos ben fundados e a colaboración de diversas administracións polo que solicitamos do Concello de Brión que tome a iniciativa para comezar os trámites e traballos necesarios para a solución definitiva dos vertidos de augas fecais da rede de saneamento, a insuficiente capacidade da depuradora de Sisalde e a inseguridade viaria na estrada Bastavales - Bertamiráns moi frecuentada por peóns e ciclistas con grave risco pola cantidade de vehículos, a excesiva velocidade e pouca visibilidade en moitos puntos.

Responde a Sr^a. Concelleira Cebral Gómez, de orde do Sr. Alcalde, que somos conscientes destes problemas, asfaltouse recentemente unha parte e a cuadrilla de obreiros ten orde para eliminar asolagamentos e que a cuadrilla ten un plan de traballo e se fará cando lle toque, vai por zonas.

O Sr. Alcalde sinala que o Presidente da Xunta dixo que ían facer o proxecto da depuradora de Sisalde, a ver se o fai, é un gran problema o que temos nesa zona, e se solucionaríase con esa obra.

6. ORNAMENTACIÓN DE NADAL.

Cales son os criterios que se están a utilizar para a ornamentación e decoración dos espazos públicos no noso concello? Entendemos que si o criterio é priorizar os espazos, poucos que temos, comerciais isto debería ser na súa totalidade sen priorizar uns sobre outros. Descoñecemos ao mesmo tempo se rematou a totalidade da ornamentación e se non fora así solicitamos se dea luz en todas as zonas, iso inclúe a avenida dos Ánxeles e outras posibles zonas sen decoración ningunha.

Responde a Sr^a. Concelleira Cebal Gómez, de orde do Sr. Alcalde, que o criterio é que haxa algo de iluminación en todas as parroquias, non se prioriza ningún establecemento, mantemos o de anos anteriores; tivemos discrepancias coa empresa, a calidade non é a mellor, estivemos encima deles para ver o que resolven esta semana.

O Sr. Alcalde sinala que sabemos que é deficiente, non ten a calidade que debe ter o que se puxo, penso que a mellor forma é facer un proxecto de iluminación de Nadal e sacalo a licitación en xullo; vou traballar niso porque estou moi descontento coa iluminación deste ano; este ano foi un erro, intentaremos outro ano mellorar isto.

4.2. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do PP:

1. Solicítase que se proceda ao arranxo, na medida do posible, das fochancas existentes no tramo de estrada existente entre a aldea de Mourentáns ata Pedrouzos, xa que é unha estrada bastante usada polos veciños.

Responde o Sr. Alcalde que quero agradecer a túa achega, está en mal estado como comprobei onte, e hoxe están amañando as fochancas e intentaremos o ano que ven metelo nun proxecto e arranxar aquilo.

2. Hai uns meses, dende a Deputación da Coruña realizouse o asfaltado de parte da estrada que xunta Negreira con Urdilde, a día de hoxe seguen sen estar pintadas as delimitacións da mesma. Solicítase que dende o Concello se comunique dita deficiencia a Deputación para que se proceda ao pintado das mesmas.

Responde a Sr^a. Concelleira Cebal Gómez, de orde do Sr. Alcalde, que xa se lle comunicou ao Presidente da Deputación, o alcalde mantivo unha reunión cos enxeñeiros para ver a posibilidade de mellorar o tránsito peonil.

O Sr. Alcalde sinala que onte tiveron unha reunión cos enxeñeiros, van intentar realizar o proxecto para ver se se pode facer o ano que ven, e a estrada de Vilar ata Amañecida tamén cando estean cedidos os terreos se fará, e tamén rematar o tramo de Liñares porque pasaron varias empresas nesa obra e pedínlle que o cableado non vaia aéreo.

3. Varios veciños de varias parroquias veñen indicando que algúns dos contedores existentes no Concello non teñen anclaxe e cando fai algo de vento caen e o lixo espárcese pola zona. Solicítase que dende o Concello se comunique a quen corresponda que se proceda ao anclaxe dos mesmos.

Responde a Sr^a. Concelleira Cebal Gómez, de orde do Sr. Alcalde, que se puxeron algúns anclaxes e se porán os que sexan necesarios e agradecemos que se sabedes algún punto no lo comuniquedes.

A Sr^a Concelleira Fariña Bellón sinala que en Ons.

O Sr. Alcalde sinala que ao longo do ano que ven a ver se vamos colocando ferros, que roubaron contedores de aceite e ferros de suxeición que había, e remata sinalando que agradézovos a forma de levar os plenos, agradecervos a vosa cordialidade.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
 Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González